



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Contabilidade de Sociedades	Código	650G01030	
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Vara Arribas, Ricardo Jose	Correo electrónico	ricardo.vara@udc.es	
Profesorado	Borrajo Dios, Jorge	Correo electrónico	jorge.borrajo@udc.es	
	Vara Arribas, Ricardo Jose		ricardo.vara@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O principal obxectivo do curso é ofrecer ao alumno unha visión práctica de como trasladar ao plano contable as distintas operacións de orde mercantil ou contable que se poden dar no ámbito da empresa.</p> <p>Os fundamentos normativos do curso recollen as novidades legislativas que afectan á materia tales como o Real Decreto Lexislativo 2/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital ou a nova normativa sobre formulación de contas anuais consolidadas.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cando, ónde novos desenvolvementos persoais son necesarios.
A2	CE2 - Auditar unha organización e deseñar planes de consulta (por exemplo lexislación impositiva, inversións, estudo de casos, proxecto de traballo).
A3	CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A7	CE7 - Comprender os principios da lei e vincularlos co coñecemento de negocios e xestión.
A9	CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A10	CE10 - Comprender e utilizar sistemas contables e financeiros.
A11	CE11 - Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A12	CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A14	CE14 - Xestionar as operacións da empresa.
A23	CE23 - Uso de instrumentos para a análise de entornos empresariais.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.



B6	CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas.
B7	CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinidade, transversalidade e integración nas súas materias.
B8	CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.
B9	CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.
B10	CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionais, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas.
B11	CG6 - Que os estudantes saiban identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.
B12	CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratéxica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.
B13	CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrontarse.
B14	CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.	A1	B1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A7	B4	
		B5	



Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.	A7 A9 A11 A12 A14	B6 B7 B8 B9	C4 C7
Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados. Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.	A7 A11	B10 B14	C5
Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados.	A7 A10 A11 A23	B11 B12	C8
Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.		B13	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O patrimonio neto no balance do Plan Xeral de Contabilidade	1.1. Clases de accións 1.2. Os valores da acción 1.3. Accións privilexiadas, sen voto e rescatables 1.4. O patrimonio neto e o capital social. Limitacións e obrigas 1.5. Réxime transitorio do cálculo do patrimonio neto 1.6. Préstamos participativos
2. As sociedades mercantís: conceptos básicos.	2.1. A sociedade anónima 2.2. A sociedade de responsabilidade limitada 2.3. Outros tipos de sociedades 2.4. Normativa contable e fiscal
3. A constitución da sociedade	3.1. Sociedade anónima 3.1.1. Subscrición e desembolso mínimo 3.1.2. Procedementos de fundación simultanea e sucesiva 3.2. Sociedade de responsabilidade limitada 3.3. Contabilización da fundación de sociedades (I). Accións e participacións emitidas como instrumentos de patrimonio propio 3.3.1. Fundación simultánea ou por convenio 3.3.2. Fundación sucesiva 3.4. Contabilización da fundación de sociedades (II). Accións e participacións emitidas como pasivos financeiros 3.4.1. Accións rescatables 3.4.2. Accións sen dereito de voto
4. Aportacións non dinerarias	4.1. Aportacións monetarias e non monetarias 4.2. Informe do experto 4.3. Regulamento do Rexistro Mercantil 4.4. Contabilización das aportacións non monetarias nas sociedades (I). Accións e participacións emitidas como instrumentos de patrimonio propio 4.5. Contabilización das aportacións non monetarias nas sociedades (II). Accións e participacións emitidas como pasivos financeiros 4.6. Aportacións non monetarias con prima de emisión ou asunción 4.7. A amora do accionista e os seus efectos



5. Ampliacións de capital	<ul style="list-style-type: none"><li>5.1. Requisitos da ampliación de capital</li><li>5.2. Formas de ampliación do capital social<ul style="list-style-type: none"><li>5.2.1. Ampliación de capital con aportacións monetarias</li><li>5.2.2. Ampliación de capital con aportacións non monetarias</li><li>5.2.3. Ampliación de capital por compensación de créditos contra a sociedade</li><li>5.2.4. Ampliación de capital por conversión de obrigas en accións</li><li>5.2.5. Ampliación de capital por capitalización de reservas ou beneficios</li><li>5.2.6. Ampliación de capital por absorción doutra empresa</li><li>5.2.7. Ampliación de capital por conversión de plusvalías en capital</li></ul></li><li>5.3. Ampliación de capital na Sociedade de responsabilidade limitada</li></ul>
6. Reducións de capital	<ul style="list-style-type: none"><li>6.1. Requisitos da redución de capital</li><li>6.2. O dereito de oposición dos acredores</li><li>6.3. Modalidades da redución</li><li>6.4. Finalidade da redución do capital social<ul style="list-style-type: none"><li>6.4.1. Redución de capital por devolución das aportacións</li><li>6.4.2. Redución de capital por condonación de dividendos pasivos</li><li>6.4.3. Redución de capital por constitución ou incremento da reserva legal ou das reservas voluntarias</li><li>6.4.4. Redución de capital por restablecemento do equilibrio entre o capital e o patrimonio neto da sociedade diminuído por consecuencia de perdas</li><li>6.4.5. Redución de capital con cargo a beneficios ou a reservas libres</li></ul></li><li>6.5. Outras formas de redución de capital<ul style="list-style-type: none"><li>6.5.1. Redución de capital por non pagamento de dividendos pasivos</li><li>6.5.2. Redución de capital tras a adquisición de accións propias</li><li>6.5.3. Redución de capital por exercicio do dereito de separación dos socios</li></ul></li><li>6.6. Redución e aumento de capital simultáneos (operación acordeón)</li></ul>
7. Adquisicións de accións propias	<ul style="list-style-type: none"><li>7.1. Adquisición orixinaria e derivativa</li><li>7.2. Supostos de libre adquisición</li><li>7.3. Réxime das accións propias</li><li>7.4. Alienación e amortización de accións propias</li></ul>
8. Aplicación do resultado	<ul style="list-style-type: none"><li>8.1. Base de repartición</li><li>8.2. Distribución de beneficios</li><li>8.3. Orde de prelación na distribución de resultados</li></ul>
9. Disolución e liquidación de sociedades	<ul style="list-style-type: none"><li>9.1. Causas de disolución</li><li>9.2. Período de liquidación</li><li>9.3. División do patrimonio social</li><li>9.4. Problemática contable</li></ul>
10. O Imposto sobre beneficios en sociedades	<ul style="list-style-type: none"><li>10.1. Cálculo e contabilización do gasto producido polo Imposto.</li><li>10.2. Diferenzas entre o resultado contable e a base imposable<ul style="list-style-type: none"><li>10.2.1. Diferenzas Permanentes</li><li>10.2.2. Diferenzas Temporarias.</li></ul></li></ul>

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
-----------------------	--------------	-------------------	---	--------------



Sesión maxistral	A1 A2 A3 A7 A9 A10 A11 A12 A14 A23 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	17	34	51
Discusión dirixida	B6 B7 B8	25	50	75
Traballos tutelados	B4	4	4	8
Proba obxectiva	B1 B2 B3 B4 B5	3	9	12
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición resumida dos temas do programa co apoio sistemático de exercicios prácticos
Discusión dirixida	Discusión en clase de casos prácticos e contabilización de supostos.
Traballos tutelados	Consistirán na presentación ao profesor da solución de prácticas previamente propostas. Se desenvolverán en el horario de tutorías a subgrupos de 15 alumnos.
Proba obxectiva	Examen teórico práctico sobre os contidos do curso

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Dase resposta personalizada en clase á solución dos supostos e acláranse as dúbidas.
Traballos tutelados	Tutorización para a solución de casos prácticos de contabilización de distintas operacións societarias.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	B6 B7 B8	Avaliación do nivel de implicación do alumno mediante a súa axeitada participación na resolución das cuestión que se formulen.	20
Traballos tutelados	B4	Resolución de casos prácticos sen resolver	10
Proba obxectiva	B1 B2 B3 B4 B5	Examen escrito con preguntas teóricas e/ou resolución de casos prácticos	70

Observacións avaliación	
<p>Cualificación de non presentado. Corresponde ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.</p> <p>Na segunda oportunidade, os criterios de avaliación serán os mesmos que para a primeira oportunidade.</p> <p>Para os alumnos que, podendo facelo, opten á OPORTUNIDADE ADIANTADA (decembro) a avaliación consistirá na realización dun único exame que valore a totalidade dos contidos e competencias da materia</p> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Agás para as datas aprobadas na Xunta de Facultade no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase ao inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, motivo polo cal dito alumnado deberá poñerse en contacto co profesor da materia nos primeiros dez días do cuadrimestre en que a materia se imparte, coa finalidade de fixar o devandito calendario. As probas terán o mesmo formato que para os alumnos con dedicación a tempo completo.</p> <p>A formulación de casos e a súa solución, así como os controis que se fagan sobre os mesmos e os aspectos normativos asociados, poderanse realizar durante o desenvolvemento das clases e sen necesidade de aviso previo da realización dos devanditos controis. Todo iso require unha participación activa en clase por parte do alumno e un estudo actualizado do material facilitado.</p>	



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	- Fernández González, Fernando Javier; Álvarez Carriazo, José Luis; Romano Aparicio, Javier (2017). Contabilidad de Sociedades. Madrid: Centro de Estudios Financieros - ICAC (2019). Resolución de 5 de marzo de 2019, del Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas, por la que se desarrollan los criterios de presentación de los instrumentos financieros y otros aspectos cont. <a href="https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/11/pdfs/BOE-A-2019-3422.pdf">https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/11/pdfs/BOE-A-2019-3422.pdf</a>
<b>Bibliografía complementaria</b>	- Mora Lavandeira, Agustín (2016). Contabilidad de Sociedades. Análisis y supuestos prácticos. Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters (Lex Nova)

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Contabilidade Financeira I/611G02013

Contabilidade Financeira II/611G02018

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías